



<b>NOME E APELIDOS</b>		Número		EXAME B
------------------------	--	--------	--	---------

PROBLEMAS

- 1) Determina o que indican os aparatos de medida do seguinte circuito. O valor das resistencias está dado en ohmios ( $\omega$ ) (2 puntos)



- 2) No circuito da figura  $R_1 = 20 \omega$ ;  $R_2 = 40 \omega$ ;  $I_T = 1A$ . O valor da f.e.m. da pila é de  $E = 10V$ . Calcular:  $I_{R1}$ ;  $I_{R2}$ ;  $I_{R3}$ ;  $R_3$ ;  $R_E$  e a potencia mínima da fonte de alimentación. (2 puntos)



- 3) As dúas lámpadas dianteiras dun coche, teñen unha potencia de 24 w cada unha. Estas aliméntanse dende a batería do coche a unha tensión de 12 V. Determina a intensidade que absorbe cada lámpada, a intensidade total, a resistencia de cada lámpada, e a resistencia equivalente do circuito. (2 puntos)
- 4) Pomos a carga-lo noso ordenador que funciona a unha tensión de 18 V e absorbe unha intensidade de 5 A 3 horas, 5 veces ao mes. Calcula a enerxía consumida neste tempo, ademais do seu custo (1 Kw.h = 0,1 €). (1,5 puntos)

PREGUNTAS TIPO TEST (Cada pregunta ben suma 0,25. Dúas preguntas mal restan unha ben)  
(Total puntos 2.5)

- 
- 1) A magnitude que me indica a resistencia eléctrica dun material é :
    - Amperio.
    - Ohmio.
    - Voltio.
  - 2) As magnitudes que interveñen na Lei de Ohm son:
    - Potencia, tensión e resistencia (P,V,R).
    - Potencia , intensidade e tensión (P,I,V).
    - Intensidade, resistencia e tensión (I,R,V).
  - 3) Un kw é unha medida de :
    - Enerxía.
    - Resistencia.
    - Potencia.
  - 4) Cal das seguintes non é unha medida de enerxía?
    - kW/h
    - J
    - kWh
  - 5) A resistencia equivalente de dúas ou máis en serie:
    - É igual que o valor da resistencia de maior valor.
    - Sempre é menor que o valor de calquera das resistencias.
    - Sempre e maior que o valor de calquera das resistencias.
  - 6) En calquera circuío eléctrico:
    - A potencia absorbida sempre é maior que a cedida.
    - A potencia absorbida sempre é menor que a cedida.
    - A potencia absorbida sempre é igual que a cedida.
  - 7) A medida da intensidade nun circuío :
    - Mídese co voltímetro en serie co receptor a medir.
    - Mídese co amperímetro en serie co receptor a medir.
    - Mídese co voltímetro en paralelo co receptor a medir..
  - 8) O valor da potencia subministrada por unha pila é:
    - $P = E \cdot I$
    - $P = V \cdot R$
    - $P = R \cdot I$
  - 9) Nun circuío paralelo :
    - A caída de tensión é común a tódolos receptores.
    - A intensidade é común a tódolos receptores.
    - A caída de tensión e a intensidade son comúns a tódolos receptores.
  - 10) Para unir pilas en serie:
    - Unimos o polos positivos de cada pila
    - Unimos o polo positivo de unha, co negativo de outra.
    - Unimos os polos negativos de cada pila.